


IES A POBRA DO CARAMIÑAL
PROXECTA 2019/2020

HERDEIR@S DO MAR



MEMORIA

PLAN PROXECTA. EDUCACIÓN PATRIMONIAL

Modalidade "MEMORIA DA INDUSTRIA, MEMORIA DO MAR"

<https://herdeirosdomar.wordpress.com/>

Título do proxecto

Herdeir@s do mar

Introdución (sinopse do proxecto)

A orixe da Pobra do Caramiñal está relacionada coa unión na década de 1830 da vila da Pobra do Deán coa aldea mariñeira do Caramiñal. Dentro da vila pódense distinguir tres zonas, as dúas fundacionais, a Pobra do Deán e o Caramiñal, onde atopamos a maioría dos edificios singulares e casas mariñeiras, e unha terceira máis moderna, creada a mediados do século XIX coa chegada da burguesía catalá, o "Barrio dos cataláns". Neste último chegaronse a establecer ata dezoito industrias de salgadura de sardiña, nove de conserva e numerosas vivendas de gran singularidade e beleza, vinculadas directamente coa zona de traballo e almacén.

O IES da Pobra do Carmiñal sitúase ao final da praia do Areal, nun diálogo continuo co pasado e co presente do sector pesqueiro na Pobra. Dunha banda, o noso alumnado atravesará a diario o Barrio dos Cataláns para chegar ao centro, cos seus edificios abandonados, que hai menos dun século trouxera o esplendor social e económico á comarca. Doutra, poucos son os días en que o alumnado non atopa fronte ao centro, ben á primeira hora, ben á saída, decenas de mariscadoras (e mariscadores) recollendo os tan prezados produtos das nosas augas. E todos os días, como pano de fondo do centro, as bateas.

Como é de esperar, moitas das familias do alumnado do IES da Pobra do Caramiñal están empregadas ou dependen do sector pesqueiro; desde pais, nais, avós, bisavós, etc. Con todo, son moitos as alumnas e os alumnos que non coñecen a historia da súa contorna: a da aldea mariñeira fundacional, a fonda pegada das industrias de salgadura creadas por empresarios cataláns cos que moitas veces comparten apelidos, a das nais e avoas cabezas de familia que compaxinan duros labores extractivos e conserveiros, a das redeiras da veciña Aguiño, o importantísimo papel e impacto da muller no sector, as historias de vida e loita que viviron os seus parentes no mar e un longo etcétera.

Neste contexto, o Proxecta concibiuse como un proxecto integrador de centro, no que se convidou a participar a todo o profesorado co obxecto de que a súa temática, "Memoria da industria, Memoria do mar" puidese servir como fío condutor dos distintos contidos e materias, e permitise conectalas, dunha maneira transversal, co contexto social, económico e patrimonial da Pobra do Caramiñal.

Deste xeito, fomentouse un traballo interdisciplinar entre departamentos, que establecese relacións non só entre materias, senón entre estas e unha realidade próxima ao alumnado, que o conectase coas súas raíces e aumentase a súa motivación permitíndolles realizar unha aprendizaxe máis significativa.

Os obxectivos previstos antes da declaración do estado de alarma eran:

O obxectivo principal perseguido era que o alumnado coñecese a historia do seu municipio e a súa ligazón á industria pesqueira a través de diversos enfoques:

- Desde un enfoque puramente estatístico, queríamos que coñecesen a importancia do porto da Pobra do Caramiñal (primeiro porto de descarga de túnidos en Europa), e as posibilidades económicas que iso representa, así como das cifras (emprego, produción, salarios...) que manexan as industrias conserveiras e extractivas da zona.

- Desde un enfoque histórico, pretendeuse que este proxecto conectase o pasado onde están as súas raíces, co presente mariñeiro da Pobra e isto permitise crear no alumnado un sinal de identidade sólido que mirase cara ao futuro.

- Desde un enfoque social, era prioritario para nós ofrecer unha visión en igualdade que puxese en valor o papel da muller no desenvolvemento da historia colectiva do concello, o seu peso social e de cabeza de familia fáctico, compaxinado cos duros labores extractivos e conserveiros.

- Desde un enfoque emocional. Queríamos que esta iniciativa servise tamén para estreitar os lazos familiares e veciñais: que o alumnado indagase e coñecese

as historias de vida e loita relacionadas co mar que viviron ou seus parentes e valorasen que forman parte da historia das súas familias.

Grao de consecución dos obxectivos

Obxectivos de carácter xeral:

- O alumnado participante entrou en contacto coa importancia do sector pesqueiro na Pobra do Caramiñal. Non se realizaron análises estatísticos pero si investigaron sobre as cifras das bateas, recibiron unha charla por parte dunha mariscadora local que os introduciu nos aparellos, talles, sostenibilidade, produción, etc. e por un empresario local (conservas Lou) que achegou unha reflexión sobre o pasado, presente e futuro do sector pesqueiro no Barbanza e máis especificamente, da industria conserveira, a través da súa propia historia persoal.

- Parte do alumnado puido analizar as casas dos fomentadores, conectando o pasado do barrio dos cataláns co presente do concello. Quedou nunha análise matemática sen poder afondar na historia do barrio dende materias máis propicias coma lingua ou a historia. A través das enquisas realizadas na materia de Historia do mundo contemporáneo, o alumnado salientou que antes de participar no Plan Proxecta non reparara nesta arquitectura industrial tan característica, considérase pois, acadado o obxectivo de conectar o alumnado coa historia do municipio.

- Ofreceuse unha visión en igualdade que puxo en valor o papel da muller no desenvolvemento da historia colectiva do concello grazas á visita e narración da historia de vida dunha mariscadora.

- Estreitáronse os lazos familiares e veciñais de diversas maneiras: dunha banda, grazas á colaboración con axentes locais como as devanditas visitas (a mariscadora e o empresario locais), doutra banda, a través de enquisas a familiares e veciños que lle permitiron ao alumnado reflexionar sobre distintos factores asociados ao sector pesqueiro e ao patrimonio industrial conserveiro. O alumnado participante no club de vídeo puido conectar con historias de vida vencelladas ao mar dalgúns dos seus familiares.

Obxectivos para o centro e o profesorado:

- Potenciouse a aprendizaxe por competencias e a aprendizaxe baseada en proxectos, o que permitiu unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe.

- Non foi posible integrar todos os diferentes departamentos didácticos nun mesmo labor pedagóxico tal e como se agardaba inicialmente mais si que se conseguiu con algúns deles (matemáticas e lingua galega).

Obxectivos para o alumnado:

- Fomentouse a utilización de ferramentas dixitais en producións textuais, gráficas e plásticas.

- Desenvolvéronse destrezas básicas na busca de información, para poder adquirir novos coñecementos mediante a aplicación do sentido crítico.

- A través dos distintos encontros desenvolvéronse o espírito emprendedor, a confianza, a participación e mais o sentido crítico.

- Púxose o alumnado en situación de coñecer, valorar e respectar os aspectos culturais e históricos propios, así como o patrimonio artístico e cultural de noso.

- Non se acadou o obxectivo de comprender e expresarse en máis dunha lingua de maneira apropiada.

- Achegouse o alumnado á práctica artística como outra canle de comunicación para explorar na súa formación, máis non foi posible tal e como estaba deseñado, achegalo á improvisación artística.

Obxectivos para toda a comunidade educativa:

- Fomentouse a utilización da lingua galega por parte das persoas participantes tanto nos contextos formais como informais do desenvolvemento do programa.

- Fomentouse o coñecemento dos contidos e do traballo desenvolto mediante a páxina web.

- Non foi posible, debido á entrada do estado de alarma, crear material de calidade que permitise a súa replicabilidade e a continuidade das diferentes liñas do proxecto neste ou noutros centros.

- Involucrouse a sociedade na aprendizaxe poñendo en valor o moito que os falantes saben mesmo sen seren conscientes a través de faladoiros e enquisas.

En xeral, podemos valorar como satisfactorio o grao de consecución dos obxectivos en relación proporcional ao tempo de desenvolvemento do programa no centro antes da declaración do estado de alarma.

Organización, desenvolvemento e metodoloxía. Actividades.

Organización.

No período previo á declaración do estado de alarma fixéronse tarefas principalmente de organización. Nas semanas anteriores á solicitude do Proxecta, existiron 4 reunións no seno do Equipo de dinamización lingüística nas que se perfilaron as distintas actividades do proxecto, as posibles materias implicadas e posible profesorado participante. Unha vez estas profesoras e profesores confirmaron a súa pertenza ao grupo de traballo, redactouse o proxecto que se pesentou á convocatoria do plan e que se pode consultar na páxina web <https://herdeirosdomar.wordpress.com>

Unha vez admitida a nosa proposta de participación no Plan Proxecta, presentouse o documento ante o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares e ante a Comisión de Coordinación Pedagóxica, onde se acordou que os distintos xefes e xefas de departamento lle comunicasen ao profesorado a posibilidade de participar no plan. Por outra banda, tamén a dirección do centro lle enviou ao claustro unha copia do documento presentado á convocatoria convidando á participación. Froito desta difusión, foi moito o profesorado que decidiu sumarse ao proxecto e participar nas actividades propostas.

Como un dos obxectivos principais do proxecto era implicar toda a comunidade educativa como factor de cohesión e difundir as actividades previstas, establecéronse 4 reunións no concello da Pobra do Caramiñal, nas que

a Vicedirectora María Lapido, a profesora Pilar Ponte e a coordinadora do plan, Elisa Costas, reunímonos coa concelleira de cultura Patricia Lojo e co alcalde Xosé Lois Piñeiro na procura da súa participación no proxecto de cara tanto á difusión dos resultados (acordouse a realización dunha exposición co traballo do alumnado na Casa Mariñeira, oficina de turismo da Pobra do Caramiñal, así como a participación do IES nas Xornadas de Patrimonio realizadas polo concello no mes de setembro) coma no ámbito orzamentario (asumirían os premios para o concurso de fotografía, lentes de realidade aumentada) e empréstamo de espazos para a realización de actividades (charlas, obradoiro de Sound Painting ou showcooking) en que se pretendía establecer lazos con toda a comunidade da Pobra do Caramiñal. Froito destas reunións foi un acordo a través da Asociación de Pais e Nais, que quedou paralizado polo confinamento. É de salientar que tanto a concellaría de cultura coma a alcaldía acolleron con brazos abertos e ilusión a iniciativa.

Ademais da súa colaboración económica e de espazos, a Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do concello proporcionounos certos datos estatísticos necesarios para realizar unha análise do sector pesqueiro que, de non se ter modificado a programación do curso debido á declaración do estado de alarma, tería sido un dos eixos do proxecto.

Doutra banda, contactouse co arquitecto Simón Fernández Castro, autor dun proxecto fin de carreira centrado na rehabilitación das naves conserveiras actualmente abandonadas no Paseo do Areal ou Barrio dos cataláns. Simón tiña previsto dar unha charla o 20 de abril no instituto á vez que o alumnado traballaba enquisas e repensaba o uso dos espazos abandonados, en comunión cunha análise histórica do Barrio dos Cataláns.

Por último, salientar tamén como tarefas organizativas, a necesaria fase de investigación e documentación por parte do profesorado participante de cara ao desenvolvemento das tarefas que por mor do confinamento nalgúns casos non foi posible realizar.

Desenvolvemento. Actividades.

Charla Genoveva Maneiro, mariscadora da Pobra do Caramiñal. 3º da ESO.

A través da concelleira de turismo e promoción económica, Charo Varela, conseguimos o contacto de Geno, unha mariscadora do municipio que o 28 de febreiro acudiu ao centro para dar unha charla para o alumnado de 3º da ESO sobre o marisqueo e a muller.

Este tería sido o comezo dunha actividade interdisciplinar entre os departamentos de lingua galega, lingua castelá, inglés, música e debuxo, en que o alumnado tería creado, a partir das experiencias vitais de Geno, un poema traducido ás distintas linguas acompañado dunha composición musical e unha interpretación pictórica. A declaración do estado de alarma truncou o desenvolvemento deste proxecto.

Charla Manuel Lourido, Conservas Lou. 1º Bacharelato. Historia do Mundo Contemporáneo.

A través da coordinadora do Plan Proxecta Mariña López, conseguiuuse que o alumnado de 1º de bacharelato puidese desfrutar da visita de Manuel Loureiro, empresario de Ribeira do sector conserveiro. Deste xeito déuselle sentido a un dos obxectivos do Proxecta: investigar testemuños inmateriais, como os relatos de vida, vinculados á memoria do traballo e do lugar e ademais, incrementar o coñecemento da Galicia industrial, emprendedora e empresarial.

Manuel realizou unha reflexión sobre o pasado, presente e futuro do sector pesqueiro no Barbanza e máis especificamente, da industria conserveira. Analizou as tendencias actuais do sector, en aparente declive, e a necesidade de investimento en innovación e novos proxectos.

Esta charla iniciou unha actividade interdisciplinar de Xeografía e Historia e Matemáticas, que constaba da elaboración dunha enquisa para analizar a percepción actual do traballo no mar, e a creación dun pequeno documental no que constasen as conclusións finais (inconcluso).

Realización dun texto argumentativo relacionado coa industria conserveira. Galego. 2º Bacharelato.

O alumnado de 2º Bacharelato despois dun proceso de investigación realizou un texto de opinión sobre as vantaxes e as desvantaxes de ter unha industria conserveira na súa vila. No terceiro trimestre contábase con poder editar os textos xunto con fotografías tiradas polo alumnado.

Fotografía histórica e arte. Debuxo e Inglés. 1º Bacharelato

Traballo de adaptación das míticas fotos que na década dos vinte do pasado século (en concreto entre 1924 e 1926) realizou na nosa comunidade a fotógrafa americana Ruth Matilda Anderson para a "Hispanic Society of America". A idea era imitando os traballos de Cindy Sherman e Yasumasa Morimura facer un exercicio de apropiacionismo e tomando as fotografías de Anderson como modelo facer unha nova versión co alumnado como protagonista nos roles da xente de mar. Adaptando á nosa contemporaneidade o vestiario e os utensilios das fotos orixinais. Habería una parte forte de investigación lingüística, buscando a tradución dos termos máis axeitada, e unha parte de gramática e de expresión a valorar polo profesor. Pero tamén unha parte que valoraría a orixinalidade dos textos expositivos, indicando a os alumnos distintas técnicas coas que traballar a comparación. Esta actividade non puido rematarse debido ao estado de alarma.

Estudo da ría de Arousa, mexillón e a industria bateeira. Bioloxía e Xeoloxía. 1º Bacharelato e 4º ESO.

3D "Herdeir@s do mar". Tecnoloxía 4º ESO.

Realización de modelos 3D de elementos vencellados co mar. Entre eles o envase de sardiñas da guerra civil proporcionado polo museo ANFACO obtivo o premio como Campións de Galicia no concurso D3MOBILE 2020.



Análise das Casas Fomentadoras do Barrio dos Cataláns. Matemáticas aplicadas 3ºESO.

O alumnado traballou os conceptos de xeometría plana aplicados ao Barrio dos Cataláns, o que permitiu entrar en contacto coa herdanza cultural do pasado mariñeiro e conserveiro da nosa localidade.

Partiuse dunha pequena investigación sobre o barrio, a súa historia recente e a vinculación con familias como Ferrer Casellas, Villoch, Soler, Martí e Barreras, e os vestixios da actividade de salgadura que se desenvolveu nos edificios que o conforman e que realmente foi a orixe desta unidade urbanística. Con parte desta información o alumnado elaborou fichas de traballo, nas que posteriormente se foi incorporando a información obtida a través de medicións in situ de casas e edificios destacados.

Métodos de conservación de alimentos. Física e Química 3º ESO.

A actividade consistiu na realización, por parte do alumnado, de traballos de investigación sobre métodos de conservación de peixes e mariscos. Considerouse interesante este tema pola gran tradición que as industrias de procesado de produtos da pesca e marisqueo teñen neste concello dende que no século XVIII se instalaran aquí as fábricas de salgadura que dinamizaron economicamente a bisbarra. Estas industrias deron lugar á característica arquitectura do Barrio dos Cataláns (Paseo do Areal), todo un símbolo da vila.

Investigación "Os números das Bateas". Lingua castelá, Tecnoloxía e Matemáticas 2º ESO.

O alumnado realizou dende as áreas de Lingua castelá, Tecnoloxía e Matemáticas un traballo de investigación sobre os mexillóns e a súa cría nas bateas.

Cando entrou o estado de alarma, o alumnado estaba xusto traballando na construción dunha maqueta, quedando inconclusa. Durante a fase de

confinamento, realizouse unha infografía onde se recolleron os datos máis salientables da fase de investigación.

Nesta mesma liña traballou o alumnado de 4º da ESO e 1º de Bacharelato na materia de bioloxía e xeoloxía.

Deseño de embalaxe conmemorativa. Matemáticas 2º ESO.

Unha vez rematada a análise das bateas, o mesmo alumnado traballou, unha vez estudados os distintos corpos xeométricos na aula de Matemáticas, así como o seu cálculo de volume e superficies, no deseño dunha embalaxe para un *pack* conmemorativo de 5 latas dun produto local moi famoso, o mexillón xigante da conserveira pobrense Ramón Franco.

Na primeira fase da tarefa, o alumnado calculou entre varias opcións de embalaxe, a máis económica en canto a consumo de cartón. Unha vez feitos os números, cada alumno creou un deseño para ese *pack* tan especial, xa fose a través de medios dixitais ou á man, para o cal tiveron que indagar previamente sobre a historia desta conserveira como fonte de inspiración.

Receitario mariñeiro. Lingua galega e Matemáticas 1º ESO.

O obxectivo da actividade foi inventar coa axuda familiar unha receita de cociña saudable que fivese como base produtos do mar. Nesta tarefa integrada fomentáronse o comercio local e o coñecemento dos produtos autóctonos mediante a utilización de produtos de proximidade que o alumnado puidese atopar nos postos de peixaría do mercado da Pobra do Caramiñal e de produtos en lata galegos (mexillóns, algas, zamburiñas, etc.).

En primeiro lugar, o alumnado traballou o texto instrutivo dende a aula de Lingua Galega e o custo por persoa e valores nutricionais dende a aula de matemáticas coa axuda dunha folla de cálculo e da aplicación Nutrium, poñendo en uso as TICs. Por último, o alumnado creou a súa propia receita e unha infografía con todos os datos traballados na receita en ambas as dúas aulas.

Vídeo *A primeira marea*. Club de vídeo do EDLG.

O profesorado e o alumnado do Club de vídeo do Equipo de Dinamización da Lingua Galega investigaron como nas súas familias se vivía o mar e o traballo relacionado con este sector para coñecer as súas raíces mariñeiras. Cos froitos desta investigación elaboraron a curtametraxe *A primeira marea* centrada en como as condicións laborais do mar condicionan as relacións familiares.

Proxección de *Matria* e encontro co director Álvaro Gago.

Actividades de dinamización do EDLG

En colaboración co EDLG realizáronse nos recreos distintas actividades que pretendían conectar o alumnado coas súas raíces mariñeiras conducidas por alumnas e alumnos, entre elas podemos salientar, clases de pandeireta e canto tradicionais de cancións mariñeiras e o obradoiro de nós mariñeiros.

Metodoloxía

A metodoloxía empregada na totalidade dos casos foi a de Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP). Segundo esta metodoloxía de deseño e programación de actividades leváronse a cabo un conxunto de tarefas baseadas na resolución de preguntas ou problemas, mediante un proceso de investigación que culminou nun produto final (xa fose un vídeo, un texto expositivo, unha receita, unha presentación, etc.).

Este tipo de metodoloxía fomenta o traballo cooperativo, e aumenta a implicación do alumnado, facéndoos protagonistas da súa propia aprendizaxe. O desenvolvemento destes “microproxectos” permitiron unha socialización máis rica, xa que implicaron movementos non só no seo da aula, senón que tamén dinamizaron a participación de axentes expertos e das propias familias.

Avaliación (instrumentos utilizados e resultados obtidos) [4000 caracteres como máximo, incluídos os espazos e o código html]:

O estado excepcional vivido truncou o desenvolvemento das tarefas e tamén a propia avaliación dos resultados. Algunhas das ferramentas coas que se contaba avaliar o proxecto non se puideron utilizar nas novas circunstancias.

Avaliarase a partir dos indicadores de logro propostos no plan inicial:

- Participación dun 20% do profesorado: Non superado. Participou activamente un 18% do profesorado, fronte ao 47% apuntado.

- Implicación de máis de 3 departamentos didácticos: Superado. Participaron activamente o departamento de Matemáticas, o departamento de Lingua Galega e Literatura, o departamento de Lingua Castelá, o departamento de Tecnoloxía e o departamento de Física e Química.

- Os proxectos contaron con máis de dous departamentos traballando conxuntamente: Superado. Podemos salientar no traballo interdepartamental a actividade "Os números das Bateas" que foi traballada desde o departamento de Lingua Castelá, Matemáticas e Tecnoloxía.

- Nas enquisas de satisfacción do alumnado contouse cunha valoración de 4 sobre 5. Non se realizaron enquisas de satisfacción do alumnado, sen embargo, en conversas informais co alumnado, púidose constatar un aumento de motivación grazas á conexión dos contidos coa realidade, así como unha resposta positiva en canto ao coñecemento dunha realidade próxima que permanecía invisible para eles (barrio dos cataláns, mariscadoras, industria conserveira, bateas...).

- 50% dos alumnos participantes aprobaron as materias implicadas: Non procede avaliar este aspecto debido ás circunstancias vividas.

- Completouse satisfactoriamente a app co roteiro, os audios e a realidade aumentada: Non superado. Non se puido completar a súa realización dadas as condicións da fase non presencial.

- Os proxectos (carteis, exposición fotográfica, exposición de curtos, app) serviron como promoción da contorna da Pobra: número de visitas da exposición.

Non foi posible conseguir obxectos de suficiente calidade como para promocionar unha exposición.

- Participación no concurso fotográfico de máis do 10% do alumnado. O concurso fotográfico, á espera de financiamento por parte do Concello, estaba a piques de ser lanzado cando estalou o estado de alarma.

- Participación no concurso de curtametraxes de máis do 5% do alumnado: Igual que no anterior.

- Presentación a un concurso nacional dalgunha das curtametraxes elaboradas: Non superado. Malia todo, presentouse a curta *A primeira marea* ao certame autonómico *Lingua rodada*.

- Promoción da lectura e debate dun mínimo de 3 obras relacionadas: Deseñouse o espazo "Herdeir@s do mar" na biblioteca do IES, cunha selección de obras vencelladas co mar.

- Realización de 4 charlas para o alumnado (familiar, veciño, traballador local): Realizáronse dúas: un empresario e unha mariscadora, ambos locais. Unha terceira (arquitecto) estaba xa apalabrada para abril, e estíbese organizando un showcooking a través de Anfaco no que participaría un cociñeiro.

- Realizouse unha sesión de debate e reflexión sobre o futuro do patrimonio industrial pesqueiro na Pobra do Caramiñal: Programado para o 20 de abril.

- Realizouse unha sesión de debate e reflexión sobre o traballo da muller na salgadura e na conserva da Pobra do Caramiñal: Cumprido.

- Realizouse unha sesión de debate e reflexión sobre o futuro laboral vinculado á industria pesqueira: Cumprido.

- Na enquisa de satisfacción do alumnado, o grao de coñecemento final da historia da Pobra do Caramiñal en relación co mar e a industria: pasado e posibilidades futuras presentes no sector, acadou unha valoración de 4 sobre 5. Non se realizaron enquisas de satisfacción.

- Conseguiuse a cooperación co Concello na difusión dos proxectos desenvolto: Tanto o alcalde Xosé Lois Piñeiro, como a concelleira de cultura

Patricia Lojo amosáronse moi interesados no proxecto. Na semana da declaración de estado de alarma estíbese a tramitar a través da ANPA un tratado de colaboración para a difusión dos resultados e financiamento de diversas actividades do proxecto.

- Conseguiuse a participación mínima dun 75% do alumnado con NEE: Non se cumpre.

- Houbo actividades e profesorado participante en todos os niveis.

Listaxe de profesorado participante e tarefas realizadas por cadaquén [2000 caracteres como máximo por docente, incluídos os espazos e o código html]:

[Costas Fernández, Elisa:](#)

Como coordinadora:

Reunións con distintos equipos (EDLG, DACE, CCP e departamento de matemáticas) e co Concello para a difusión e coordinación das distintas tarefas.

Busca de axentes externos para a realización de debates e charlas no seno do instituto (Genoveva Maneiro, Manuel Loureiro e Simón Fernández).

Busca de documentación para a coordinación das distintas tarefas (datos estatísticos, fotografías históricas, fichas urbanísticas, artigos, etc.).

Documentación do proxecto (memorias) e páxina web.

Como profesora:

Apoio ao alumnado participante no club de vídeo na elaboración da curtametraxe “A primeira marea” : definición do tema, debate co alumnado, elaboración de guións para a realización de entrevistas a familiares, etc.

Apoio na creación dos obradoiros de pandeireta e nós mariñeiros realizados dende o Edlg.

Elaboración de medicións e fichas de cada unha das casas dos Fomentadores sitas no Barrio do Areal para a realización por parte do alumnado

dunha maqueta empregando impresoras 3D (actividade suspendida, pódense consultar as fichas realizadas na páxina web)

1º ESO. Cálculo do prezo por persoa e dos valores nutricionais da receita elaborada conxuntamente coa materia de Lingua Galega. Estes cálculos realizáronse fomentando a competencia dixital co uso de follas de cálculo e busca en internet.

2º ESO. Investigación "Os números das Bateas": Actividade realizada en colaboración con Tecnoloxía e Linga Castelán. A parte matemática consistiu na realización dunha investigación sobre todas as cifras relacionadas cos mexillóns e as bateas (talla, produción, dimensión das bateas, número de bateas por ría, etc.)

Deseño de Packaging conmemorativo 60 aniversario Ramón Franco. Nesta tarefa relacionada co cálculo de volumes e áreas no mundo real, o alumnado realizou unha investigación conducente ao deseño dun embalaxe para albergar 5 latas de conserva dun dos produtos estrela pobrenses: A lata de mexillón xigante da conserveira Ramón Franco.

Saborido Ojea, Margarita.

Tecnoloxía 4 da ESO. Dende a aula de tecnoloxía realizáronse modelos 3d de varios obxectos relacionados coa temática do Plan Proxecta: envase de sardiñas da guerra civil (<https://sketchfab.com/3d-models/latad3mobiletest2campusterracablesacruzados-88c6f2a973c449b8bf45b10a569e0e21>), dúas latas de conserva: un envase de calamares na súa tinta de J.S. Curberá "Buen Provecho" (mediados do século XX), e un de atún branco de Massó (1984) (<https://sketchfab.com/3d-models/d3mobile-8463ad028e5545b8b2ebd93107405ce2>) e faro de Corrubedo (<https://sketchfab.com/3d-models/d3mobile2020teammecheros-a1dd68b6109f40a0832d2d593ce4e125>).

Os modelos realízanse empregando a fotogrametría, que consiste en sacar fotos ao redor do obxecto sen mover a escena en ningún momento do proceso, empregando un alta cantidade de imaxes , sobre 50 aproximadamente, cubrindo

todos os ángulos posibles. Estas imaxes foron metidas nun software, neste caso o Zephyr Free, que ubica as distintas fotos tomando referencias e xenera o obxecto 3D. Para perfeccionar o modelo normalmente pásase a outro programa informático, neste caso o Meshlab que nos permite limpar e renderizar a malla creada anteriormente.

Estes modelos foron presentados ao concurso D3MOBILE 2020, sendo clasificados como Campións de Galicia co envase de sardiñas da Guerra Civil proporcionada (al igual que os outros dous envases) polo museo ANFACO ([enlace á noticia na voz de Galicia](#)).

Club de vídeo.

Organizouse un pase privado para alumnado de TIC de 4º de ESO e os membros do Club de Vídeo da multipremiada curtametraxe *Matria* co director Álvaro Gago.

Este filme céntrase nunha heroína cotiá, unha traballadora dunha empresa conserveira á que acompañamos un día calquera da súa vida, unha muller como moitas das nais, familiares ou veciñas do noso alumnado.

Na conversa co autor que seguiu á proxección o alumnado tivo a oportunidade de valorar cunha perspectiva ampla como é a vida das mulleres das conserveiras, os seus dereitos laborais e as súas perspectivas profesionais.

[Ponte Patiño, María del Pilar](#)

A miña colaboración levouse a cabo por un lado como profesor de aula das materias de Lingua Galega e Literatura e doutra como coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) nas seguintes actividades:

- EDLG: Club de vídeo – proxección de *Matria* con Álvaro Gago

Actividade desenvolta polo departamento de Tecnoloxía para 4º de ESO xunto co Club de vídeo do EDLG. O filme céntrase nunha heroína cotiá, unha traballadora dunha empresa conserveira á que acompañamos ao longo dun día

calquera da súa vida. O alumnado puido valorar como é a vida das mulleres das conserveiras tan presente na nosa vila.

- EDLG: Club de vídeo – obradoiro e elaboración dunha curtametraxe.

O membros do Club de vídeo do EDLG realizamos un obradoiro de vídeo e despois seguindo as indicacións da monitora, o alumnado investigou como nas súas familias se vivían o tema do mar e do traballo relacionado con este sector para coñecer as súas raíces mariñeiras. A actividade resultou moi interesante porque realmente o alumnado non tiña falado cos seus familiares destes temas. Cos froitos desta investigación elaboraron a curtametraxe *A primeira marea* centrada en como as condicións laborais do mar condicionan as relacións familiares e no medo ao descoñecido como vivencia emocional de carácter persoal.

- EDLG: Obradoiros de actividades nos recreos - clases de pandeireta e canto tradicionais de cancións mariñeiras e o obradoiro de nós mariñeiros.

Nos recreos o alumnado do EDLG realizou de forma autoxestionada distintas actividades para conectar os compañeiros coas súas raíces mariñeiras.

- Aula de Lingua Galega – Elaboración de receitas tradicionais saudables con produtos do mar.

En colaboración do departamento de Matemáticas o alumnado traballou o texto descritivo e as estatísticas para a elaboración de receitas propias e orixinais onde se demostrase que é posible elaborar receitas equilibradas e saudables cun baixo custo económico e cos nosos produtos.

[Bobbillo Vázquez Monjardín, Alejandro](#)

Reinterpretación fotográfica Ruth Matilda Anderson. Actividade en colaboración co departamento de inglés.

A idea foi exposta os alumnos conxuntamente entre os dous profesores, nunha primeira sesión nos que xuntamos a aqueles alumnos de inglés que ademáis cursan plástica na propia aula de debuxo. Falóuselles de Anderson como pioneira da

fotografía que é, e se lles espuxeron varios dos seus traballos grazas os cales o alumnado foi consciente da dureza da vida do mar daquelas datas, do difícil papel da muller, e da mellora das condicións e os medios nos que agora desenvólvese a pesca. Repartimos entre o alumnado unha folla co resumo das ideas espostas e fotos, pedindo ós alumnos que decidirán por cal das fotos de Anderson optaban (unha imaxe coral para que dera máis xogo ao versionala) e que formaran pequenos grupos de traballo para estudar o material necesario.

Falamos do “atrezzo” que cumpriría para versionar cada foto, como pasouse do canasto de vimbio aos modernos capachos de plástico que agora non faltan no utillaxe das mariscadoras. Ou do frío que deberon pasar moitos e moitas antes da invención do neopreno.

Reflexionamos sobre os profundos cambios sociais que ten experimentado o noso país desde a data na que foron tomadas as fotos, do patriarcado oculto trala imaxe da muller daqueles anos, do insignificante que fora o seu traballoa pesar do enorme peso na economía das familias e poren dos sistemas productivos. E do desafío do noso século pola economía sostible, e por unha pesca racional que non esquilme os caladeros.

Decidimos tamén os espazos nos que replicar as fotos, e tiñamos acordado una visita a uns asteleiros de Boiro para facer as fotos, ocupando parte da tarde para facelas.

Os alumnos trouxeron botas de auga e outros útiles o aula de debuxo para ter todo ese material cómodo para o día en que facer as fotos, pero o peche das aulas polo confinamento aplazou este proxecto “sine die”.

Vidal Triñanes, José Ángel

O alumnado de 3º ESO de matemáticas aplicadas traballou os conceptos curriculares de xeometría aplicados no seu entorno inmediato, en elementos vencellados coa cultura mariñeira propia da Pobra do Caramiñal e ca súa herdanza cultural e do pasado mariñeiro e conserveiro.

Para iso centrámonos nos elementos arquitectónicos do Paseo do Areal remanentes das antigas instalacións de salazón e das casas nas que residían os fomentadores cataláns que se instalaron no municipio pobrense, orixe de moitas das actuais empresas conserveiras da bisbarra.

O grupo que ía desenvolver esta unidade presenta características particulares que fan aconsellable unha maior motivación para fomentar o seu traballo na materia, dende un enfoque práctico e manipulativo, que permita o traballo de todo o alumnado dende os seus diferentes niveis competenciais. Así propóñense actividades de índole práctica como efectuar medicións fora da aula para logo, cos datos obtidos, realizar cálculos xeométricos de obxectos e espazos reais.

Elaboramos a actividade secuenciando os contidos e tarefas, fixando obxectivos e criterios de avaliación e comezamos o seu desenvolvemento na 2ª avaliación, alternando exposicións teóricas con saídas á rúa para facer medicións, sesións de traballo práctico na aula e actividades na aula de informática, seguindo aproximadamente este esquema:

- Localización e obtención de planos das antigas salazóns con Google maps e a web do catastro.
- Medición in situ dos elementos identificados no plano.
- Obtención de áreas e volumes destes elementos
- Identificación de elementos xeométricos e arquitectónicos.
- Deseño de cenefas e rosetóns a partir dos elementos xeométricos identificados.

Unha vez levado á práctica, constatamos como o traballo en grupo e o cambio de rutina serviu como aliciente, promovendo un incremento na atención e no interese pola materia.

Foi unha mágoa que o peche dos colexios polo CoVid truncase o seu desenvolvemento, impedíndonos ter resultados finais merecentes de ser presentados.

Lapido Suárez, María

Reunións co Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Participación na xestión do proxecto e na comunicación coa dirección do centro.

Reunión co Equipo DACE

Coordinación da reunión na busca de colaboradores dende todos os equipos de traballo do centro: Equipo de Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo Erasmus, Equipo de Igualdade e Equipo TEI.

Información para todo o claustro e proposta de convocatoria dunha CCP .

Información a todo o claustro e convocatoria dunha CCP para tratar dunha forma máis exhaustiva os contidos do proxecto e invitación a colaborar.

Coordinación das reunións no concello da Pobra do Caramiñal

Unha vez concedido o proxecto informouse ao Concello do mesmo, pois este presenta unha gran vinculación coa realidade socio-económica do pobo.

Nun total de catro reunións explicóuselles ao alcalde e á concelleira de cultura os obxectivos do proxecto, a súa finalidade, actividades/charlas/exposición/concursos etc. que estaban previstas, así como a necesidade de espazos para a difusión dos resultados, recursos dixitais, algunha información da evolución socio-económica do pobo (especialmente no ámbito do mar), e unha pequena achega económica (impresión de cartelería, fotografías, premios do concurso, etc.).

Elaboración dun convenio de colaboración co concello (convenio que non se chegou a firmar debido ao Estado de Alarma pola emerxencia sanitaria do COVID 19).

Soundpainting

Organización dunha master class de Soundpainting, a cargo de Xacobe Martínez Antelo, e a continuación unha actuación co aprendido. A improvisación estaría relacionada coa temática do Proxecta.

Esta actividade, que estaba programada para o 20 de maio no teatro Elma, e que polo tanto non se chegou a realizar, estaría dirixida a un grupo reducido de alumnado (20 a 30 persoas) durante 2h 30 minutos, e a continuación, unha actuación aberta a todo o pobo, co obxecto de promover o contacto con todos os axentes locais, de aproximadamente 40 minutos.

Otero Martínez, Francisco Javier

Dende o currículo da materia de Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO e 1º Bacharelato intentamos contribuír á consecución do seu obxectivo principal: o coñecemento por parte do alumnado da historia do seu concello e a súa ligazón coa industria do mar, sinalando ademais a necesidade dunha explotación económica sostible que permita preservar para futuras xeracións un ecosistema tan especial como é o das Rías galegas.

Traballos desenvolvidos: o alumnado de 1º bac. propuxo estudar a Ría e os seus recursos, factores de formación, orixe e evolución, importancia do afloramento para falar a continuación dos recursos do mar e da súa vinculación coa historia da industria no concello da Pobra. O alumnado de 4º debía seguir co traballado en 1º, centrándose nun dos principais recursos que se explotan na Ría, o mexillón. Dende un contexto histórico tiñan que explicar a evolución do aproveitamento do mar e a importancia que tivo para a vila o asentamento dos “fomentadores” cataláns; realizar un estudo sobre as distintas etapas do ciclo de produción do mexillón e do procesado deste molusco na industria conserveira. Outro alumnado encargárase de dar unha pequena visión histórica do cultivo do mexillón e do impacto que ocasiona este no ecosistema da Ría, análise e divulgación do proxecto Gestinmer: plan de xestión integral dos residuos producidos polo cultivo do mexillón.

Proposta metodolóxica: consultas bibliográficas; traballo de campo; elaboración en cada acción proposta de documentos para a divulgación e exposición diante dos seus compañeiros.

Para finalizar e antes de avaliar a calidade e o rigor dos produtos finais elaborados polo alumnado débese ter en conta que moitas das accións propostas se viron moi lastradas pola situación excepcional á que todos nos vimos sometidos debido á crise sanitaria.

Bravo Rodríguez, María Dolores

En colaboración con Alejandro Bovillo (ver a súa explicación da actividade para entender a fase previa do traballo).

A seguinte fase do proxecto unha vez feitas as fotos, sería escoller as mellores e levalas a aula de inglés para traballar os textos, descubriendo todo o vocabulario específico que se mañexa nas artes de pesca, as partes dos barcos, os accidentes xeográficos da costa, e que difire tanto dunha lingua a outra (mesmo entre o galego e entre o castelán, e por suposto entre o galego e o inglés) descubriendo unha terminoloxía que non é de uso común fora dos espazos náuticos, e que nós, como xente que habita un pobo da costa ten que coñecer.

Habería una parte forte de investigación lingüística, buscando a tradución dos termos máis axeitada, e unha parte de gramática e de expresión a valorar polo profesor. Pero tamén unha parte que valoraría a orixinalidade dos textos expositivos, indicando aos alumnos distintas técnicas coas que traballar a comparación.

Despois da redacción dos textos, tiñamos pensado facer unha exposición no centro do resultado do traballo nas aulas e fora delas. Tiñamos claro que un traballo deste calibre vale para aproximar o alumnado a esa realidade que polo feito de ter cerca non sempre é coñecida, buscando o achegamento ao traballo dos seis país e nais nas conserveiras e barcos dos arredores, descubriendo o capital humano que fai posible este sector económico que matiza tódolos aspectos da vida na Pobra do Caramiñal.

Para dita exposición pensáramos nos espazos do centro, intentando ocupar o maior número de rincóns posibles, lonxe do modelo expositivo de sempre,

buscando máis o descubrimento e a sorpresa de atopar unha foto fóra de contexto ao lado da súa reflexión escrita.

Distribuindo estratéxicamente esas fotos polo centro, e dándolle outro tipo de publicidade (carteis e dípticos) invitaríamos a todos os que forman a nosa comunidade educativa a recorrer os nosos espazos descubrindo os distintos agochos das fotos.

Servia García, Ana

“FISH AND SEAFOOD PRESERVATION METHODS” Departamento de Física e Química, grupo bilingüe de 3º ESO A.

Realización por parte do alumnado duns traballos de investigación sobre métodos de conservación de peixes e mariscos. Considerouse interesante este tema pola grande tradición que as industrias de procesado de produtos da pesca e marisqueo teñen neste pobo dende que no século XVIII se instalaran aquí as fábricas de salazón que dinamizaron economicamente a comarca. Estas industrias deron lugar á característica arquitectura do Paseo do Areal, todo un símbolo do pobo.

Actualmente, a industria conserveira segue a ser un dos motores económicos da zona e moitas familias se atopan directamente relacionadas coa explotación de produtos pesqueiros e de marisqueo.

Os traballos foron realizados en inglés. Os métodos que se investigaron foron variados, dende os máis tradicionais ata outros que empregan técnicas máis innovadoras:

ENLATADO (CANED FOOD), CONXELADO (FREEZING), ENVASADO EN ATMÓSFERA MODIFICADA (MODIFIED ATMOSPHERE PACKAGING), SECADO (DRYING), SALGADO (SALTING), ESCABECHADO (MARINADE), AFUMADO (SMOKING), TRATAMENTO CON LUZ ULTRAVIOLETA (ULTRAVIOLET LIGHT TREATMENT), LIOFILIZACIÓN (LYOPHILISATION/ FREEZE DRYING) e ENVASADO Ó BALEIRO (VACUUM-PACKED).

O obxectivo principal dos traballos foi investigar cal era o fundamento físicoquímico ou bioquímico de cada método para facer que os alimentos se conservasen por máis tempo, coas súas vantaxes e desvantaxes, e outras cuestión como o tipo de peixe máis apropiado para cada técnica ou a súa duración. Logo, dentro de cada método, tiñan que investigar sobre certas cuestión específicas de cada procedemento.

Os resultados destes traballos foron variados, en certa medida porque algúns métodos son relativamente recentes e non é tan doado atopar información sobre eles. En xeral, o alumnado respondeu ás cuestións que se plantexaron para cada método pero amosáronse diferenzas na organización e a creatividade mostradas na súa realización.

Rei Santos, María Eumelia

O alumnado de 2º Bacharelato despois de visitar a biblioteca para ver a exposición de libros e material relacionado co tema, ademais de ler un documento concreto titulado de Begoña Fernández Rodríguez, "Traballar, vivir e morrer xunto ao mar: o legado cultural dos homes do mar nas vilas costeiras galegas o Paseo do Areal da Pobra do Caramiñal". (adapt.) Tiñan que realizar un texto onde opinasen de maneira argumentada sobre as vantaxes e as desvantaxes de ter unha industria conserveira no seu pobo. Tamén poderían aportar melloras ou cambios.

O texto que se achega foi o escollido como o mellor texto que logo se editaría e no terceiro trimestre xunto con outros e fotos tiradas polo alumnado daría como resultado unha exposición na biblioteca, pero que por mor do confinamento non se chegou levar a cabo.

Como coordinadora da biblioteca realizouse unha selección de libros vencellados co mar, entre a que se atopan:

- Dicionario fraseolóxico do mar de Francisco Rivas López. Ed. A nosa terra, 2009.

• Todos é silencio de Manuel Rivas. Cada día exploran a costa á búsque do que o mar bota fóra tras algún naufraxio, o mar é para eles un espazo de continuo descubrimento. Contrabando, narcotráfico, silencio...

• Fábulas y leyendas de la mar de Álvaro Cunqueiro. Ed. Maxi Tusquets.

• A praia das esperanza de Agustín Fernández Paz. 2003. Ed. Xerais. Colección Merlin.

• Lonxe do mar de Agustín Fernández Paz e Fran Jaraba.

• Os fillos de mar de Pedro Feijoo. Ed. Xerais

• Talasonimia da costa sur de Galicia de Xosé Lois Vilar.

• A praia dos afogados de Domingo Villar. Ed. Galaxia

• Gallego a la orilla del mar, de Juan Fariás. Ed. Kalandraka. Infantil.

• Alma e o mar de Francisco X. Fernández Naval. Ed. Galaxia.

• Profecía do mar de Bernardino Graña.

• As torres no ar de Avilés de Taramancos.

• Mar e seitura de Fermín Vilaboa Lemos.

• Bala perdida de Manuel Rivas.

• Xelis, o guieiro das botellas de mar de Rosa Aneiros. Ed.

• Libro dos océanos. Que ameaza o mar. de Esther Gonstalla. Ed. Catroventos.

Díez Baamonde, Yolanda

Estaban programadas varias tarefas para realizar en 1º e 2º da ESO na materia de matemáticas xunto con outros profesores de matemáticas do mesmo nivel, pero non foi posible realizalas debido á pandemia.

TAREFA: **RECEITA**

Realizouse no grupo de 1º ESO matemáticas bilingüe (xunto con outros grupos de 1º ESO de matemáticas). A actividade foi desenvolvida polo meu alumnado nas dúas últimas semanas de maio.

Cada alumno partía dunha receita realizada por eles mesmos na clase de Lingua Galega. A receita debía conter, como mínimo, un produto do mar; para así, poder elaborar un recetario con produtos do mar.

A tarefa dividíase en dúas partes: o cálculo do precio por persoa da receita e o cálculo dos valores nutricionais.

Toda a información para a realización da tarefa foi enviada por Google Classroom.

En cada unha das dúas partes desta tarefa traballaron cunha folla de cálculo na que debían encher os datos requeridos, para logo obter os resultados buscados. Neste parte requeriase dunha boa organización dos datos de cada unha das receitas.

Na parte do cálculo dos valores nutricionais, os alumnos accederon á app de Nutrium para obter os datos precisos.

Traballaron con follas de cálculo, app Nutrium, Google Classroom, Youtube,... e aplicaron os coñecementos adquiridos na clase sobre proporcionalidade, regras de tres e porcentaxes.

Tódolos alumnos fixeron a entrega da tarefa, aínda que algún deles tivo dificultades para a correcta realización da mesma, debido a que a comunicación online e non presencial dificulta o entendemento de como realizala e a eles faiselles máis difícil a súa comprensión.

Caldas Hernández, Ángela

O Plan Proxecta para os alumnos de Historia do Mundo Contemporáneo (1º de bacharelato) contemplaba tres aspectos: a elaboración dunha enquisa para analizar a percepción actual do traballo no mar en función dos grupos de idade das persoas consultadas, a entrevista a persoas vinculadas ó sector económico do

mar (algúna directiva ou directivo de empresa e mariscadoras), e a elaboración dun pequeno documental no que constaran as conclusións finais. Tamén se contemplaba a posibilidade de publicar unha pequena produción editorial acerca do traballo e dos resultados obtidos polas alumnas e alumnos.

Finalmente, leváronse a cabo as enquisas: elaboráronse na aula coa axuda da profesora e contemplaban aspectos como a percepción social do traballo no mar, cuestións de xénero, a percepción económica de dito traballo, o futuro do sector e a cuestión do patrimonio material industrial resultante. Na enquisa participaron un total de 91 persoas, e aínda que na organización inicial prevíamos podela deixar aberta un período de tempo máis longo, estes resultados xa foron suficientes para, de maneira oral, na aula, valorar certas cuestións.

Quedaron sen realizar as entrevistas e a produción de vídeo, así como as conclusións coas que se elaboraría un dossier escrito acompañado de fotografías.

Na liña de actuación do Plan Proxecta, as alumnas e alumnos de primeiro de bacharelato tamén acudiron a unha charla na sala de usos múltiples do instituto no que un destacado empresario da zona lles explicaba as posibilidades innovadoras do sector industrial alimentario vinculado ó mar.

Enlaces ás enquisas:

<https://docs.google.com/forms/d/1xeCEZfwH5ZtX59N93jtNI-XGEOy76T3vxnQdVKZ61bA/edit?usp=sharing>

<https://docs.google.com/forms/d/1GMxfGlgcp224lw9jCmJCF4j5uHF3mt4KLi5Z39UcaFk/edit?usp=sharing>

Álvarez Álvarez, Juan José

Dende a materia de Tecnoloxía co alumnado de 2º da ESO realizouse a maqueta dunha batea (en relación co tema de estruturas, dado que é unha estrutura flotante), traballando de maneira conxunta co departamento de matemáticas e lingua castelá.

Comezouse explicando ó alumnado o proxecto que tiñan que facer. Para sorpresa do profesor había unha pequena parte do alumnado que non sabía o que era unha batea, iso que o instituto está situado en plena Ría da Arousa, e desde o cal se poden ver as bateas. Unha vez presentado o proxecto, alumnado realizou unha busca guiada en internet.

Este proxecto como todos, motivou a un alumnado máis que outros, pero houbo un detalle que un alumno preguntou se podía facer a batea do seu pai. Na seguinte sesión dito alumno, que normalmente presenta unha baixa motivación, trouxo entusiasmado un croquis e fotos da súa batea, que se aproveitou para profundizar un pouco máis na documentación.

Se limitou a medida que tiña que ter o proxecto a 60 cm por 50 cm, se ben podía ter menos medida. Para o proxecto tiñan que traer o material como latas de refresco e madeira, que podía ser material de refugallo. Comezaron facendo un croquis para saber as vigas e vigas principais que ían a poñer na batea do seu proxecto, para elo tiveron que aprender a utilizar as escalas para adaptala a medida que tiñan pensado.

Empregouse madeira, latas de refresco para os flotadores, tapóns de botellas de auga, cola termofusible, pintura e cordel fino ou fios para as cordas. As ferramentas que utilizaron foron: serrucho, segueta, martelo, pistola encoladora, papel de lixa, pinces.

O proxecto que se acompaña na documentación, que como todos non chegou a rematarse pola entrada do estado de alarma, consta de catro vigas principais, catro flotadores, oito vigas de través. Faltan aínda as vigas das cordas nas que levan o mexillóns, tamén falta definir a viga de amarre.

A valoración foi moi positiva, pois motivou moito ó alumnado, e había trazas de saíren bos proxectos.

Mascareñas García, Marina Carlota

Actividades presenciais. 3º ESO

A primeira das actividades que se tiña planeada para a materia de Lingua castelá, consistía, en primeiro lugar, na asistencia de todos os grupos de 3º da ESO a unha conferencia levada a cabo por unha mariscadora na sala de usos múltiples do centro. Esta mariscadora dedicouse a contar as súas vivencias persoais, así como datos obxectivos, acerca da súa profesión, achegando ao alumnado e ao profesorado a unha realidade moi próxima a todos (xa que literalmente podemos ver ás mariscadoras desde as xanelas das aulas); pero á vez moi descoñecida para moitos de nós.

Durante a conferencia, os alumnos estaban organizados en grupos de 4/5 persoas e cada grupo tiña asignado un tema concreto sobre o cal debería coller notas para desenvolver un traballo posterior. Desta forma, asegurabámonos que cada grupo estivese especialmente atento e que non se perdese ningunha información.

Despois cada grupo debía elaborar un artigo xornalístico a partir dos datos que recompilara na conferencia. De modo que cada artigo trataría sobre un tema diferente. Por desgraza, esta última parte non puido levarse a cabo debido á interrupción das clases.

Expúxose o pedirlle aos alumnos de 3º que desenvolvesen o artigo xornalístico a pesar de non ter clases presenciais, pero esta idea foi descartada porque se considerou moi complicado para o alumnado o facer un traballo en grupo sen poder reunirse en persoa cos seus compañeiros.

Actividades non presenciais. 2º ESO

Esta tarefa consistiu en consultar un par de páxinas web sobre o cultivo do mexillón nas bateas e facer un resumo sobre os puntos máis importantes. Sobre esta información traballada, os alumnos crearon conxuntamente coa materia de matemáticas, unha infografía cos datos máis relevantes.

Conclusións

As actividades permitiron un achegamento do alumnado a información e realidades coas que conviven moi de preto, pero que non coñecen realmente.

Observacións complementarias ás actividades realizadas.

Na seguinte páxina web pódese acceder a unha selección dos mellores traballos presentados en cada unha das actividades:
<https://herdeirosdomar.wordpress.com/>

Debido á declaración do estado de alarma, o proxecto tal e como se pensou tivo que ser abandonado. A temporalización do proxecto centrábase principalmente no final da segunda avaliación e a terceira, polo tanto, a maior parte dos contidos nos que se sustentaba o proxecto non se chegaron a impartir (así é por exemplo no caso da estatística ou xeometría en matemáticas).

Ademais existía unha dependencia directa entre unhas materias e outras de cara á realización do proxecto: dende as matemáticas esperábase poder facer unha análise e interpretación estatística do sector pesqueiro na Pobra do Caramiñal, así como xeométrica en canto ás superficies dedicadas ao devandito sector no presente e no pasado (Polígono da Tomada, *Casas fomentadores* e *Barrio dos Cataláns*), o profesorado das distintas linguas realizaría os textos e traducións plurilingües asociados ás análises derivadas, e os profesores de tecnoloxía e debuxo recollían eses datos para crear paneis expositivos, apps (roteiro), etc.

Por outra banda, moitas das actividades deseñadas baseábanse en visitas ao exterior (visita a unha nave de salgadura e a unha Casa Catalá-Factoría) e fundamentalmente traballo cooperativo (en parellas ou grupos). Sobra dicir, que estas condicións de traballo eran imposibles durante o estado de alarma.

Podemos salientar que, malia a imposibilidade de realización da maior parte do proxecto tal e como estaba deseñado, si se realizaron moitas actividades de investigación e organización previa por parte do profesorado: deseño de

actividades, reunións para temporalizar os contidos e coordinar os distintos departamentos implicados, encontros informais de coordinación entre profesores, reunións no Concello na busca de colaboracións, visitas á biblioteca municipal en busca de información, chamadas telefónicas a distintos departamentos (urbanismo, traballo...) e un longo etcétera. Tres meses nos que, a pesar de non ter resultados obxectivos, se fixo un labor documental e organizativo á altura dos resultados que se pretendían acadar e á ilusión coa que o equipo docente abrazou o proxecto.

A situación de estrés vivida durante o estado de alarma, a baixa alfabetización dixital da meirande parte dos estudantes, como mesmo de nós os profesores, paralizou o proxecto tal e como se deseñou nun principio. O profesorado viuse desbordado por este cambio na metodoloxía, tendo que adaptarse a unhas novas circunstancias para as cales non estabamos preparados (docencia online). Outro dos motivos foi, tal e como xa se recolleu, a imposibilidade de impartir os contidos necesarios para realizar o proxecto unha vez suspendidas as clases presenciais, e por suposto, a incapacidade de saír á rúa.

Malia estas condicións, o profesorado tratou de superar as limitacións e adaptar as actividades a novos enunciados, facendo "micro-proxectos" que permitisen acadar o obxectivo principal do Proxecta: que o alumnado coñecese a historia do seu municipio e a súa ligazón á industria pesqueira, creando lazos co seu entorno, coas familias e os veciños, facéndolles visible unha realidade na que aínda non caeran. A realización destes "micro-proxectos" permitiu acercar a temática do proxecto: a industria e o mar, a meirande parte do alumnado, forzando unha reflexión que doutro modo non se houbera producido.

Porén, malia o interese e esforzo postos polo profesorado, houbo un seguimento moi dispar durante a fase presencial e a docencia online. A resposta recibida nas actividades realizadas na fase presencial foi moi positiva, con alumnado moi implicado, e mesmo alumnado disruptivo que, debido á proximidade dos contidos, traballou motivado e centrado nos obxectivos. Fronte a isto, a calidade dos produtos realizados durante o período de confinamento,



mesmo de alumnos normalmente brillantes, foi xeralmente baixa, probablemente debido ao baixo grao de motivación intrínseca (dadas as circunstancias) e extrínseca (baixa repercusión do traballo nas cualificacións finais).

Para rematar, gustárame destacar a participación con unha das actividades no concurso internacional de modelado dixital 3D Mobile Metrology World Ligue, por parte do alumnado de Tecnoloxía de 4º da ESO da profesora Margarita Saborido, que se proclamaron campeóns galegos grazas ao difícil modelado en tres dimensións dunha lata de conservas da guerra civil propiedade do Museo ANFACO (coordinadores do Plan Proxecta). Pódese consultar a noticia na seguinte enlace: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/barbanza/2020/07/02/ies-pobra-proclamo-campeon-gallego-certamen-modelado-digital-3d-mobile/0003_202007B2C2996.htm

Bibliografía e ligazóns utilizadas [4000 caracteres como máximo, incluídos os espazos e o código html]:

Bibliografía:

Fernández, B. (2013). Trabajar, vivir y morir junto al mar: el legado cultural de los hombres del mar en las villas costeras gallegas: el Paseo del Arenal de la Pobra do Caramiñal. *SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades. Volume 25*, 291-312.

Vidal, A. (2005). A casa catalá. Barbantia. Anuario de estudos do Barbanza. Volume 1, 193-202.

Martínez, P. (2016). Cuando la precariedad se transforma en agencia. Hacia el empoderamiento femenino en el sector pesquero. *Viento Sur. Volume 144*, 111-117.

Amigo, L., Garza, M. D., Varela, M. (2008). El sector de conservas de pescado en Galicia. Dimensión económica y competitividad.

Ligazóns

Vidal, F. M. (2013) O conxunto "Casa Catalá-factoría" en A Pobra do Caramiñal. Lugar de publicación: Os Chanzos. Recuperado de: <https://oschanzos.blogspot.com/2013/10/o-conxunto-casa-catala-factoria-en.html>

Vidal, F. M. (2013) A "Casa Catalá" na Pobra do Caramiñal. Lugar de publicación: Os Chanzos. Recuperado de: <https://oschanzos.blogspot.com/2013/10/a-casa-catala-na-pobra-do-caramiñal.html>

Pereira, X. M. (2014) El barrio de los catalanes. Lugar de publicación: *Diario de Pontevedra*. Recuperado de: <https://www.diariodepontevedra.es/articulo/noticias/el-barrio-de-los-catalanes/20140613004800254826.html>

Os cataláns de Galiza (2004) Lugar de publicación: *Foros xenealoxía.org – Apellidos de Galicia*. Recuperado de: <https://foros.xenealoxia.org/viewtopic.php?t=1857>

Geodestino 03B. Rías Baixas (2020). Lugar de publicación: *La ruta conservera*. Recuperado de: <http://larutaconservera.es/rutas/rias-baixas-b/>

Chas, J. Memoria Industrial en Galicia. Recuperado de: <https://memoriaindustrialengalicia.wordpress.com/>



La mar de mujeres (2020). Lugar de publicación: TVE a la carta. Recuperado de: <https://www.rtve.es/m/alcarta/videos/repor/repor-mar-mujeres/5533508/>

Mexillón de Galicia. Denominación de Origen protegida. Recuperado de: <https://www.mexillondegalicia.org/>

Figueras, A. (2007) El mejillón y las bateas. Lugar de publicación: Ciencia Marina y otros asuntos. Recuperado de: https://www.madrimasd.org/blogs/ciencia_marina/2007/06/20/68192

Homar, L. (2014) Así se cría el mejillón gallego. Te lo contamos desde una batea. Lugar de publicación: Directo al paladar. Recuperado de: <https://www.directoalpaladar.com/ingredientes-y-alimentos/asi-se-cria-el-mejillon-gallego-te-lo-contamos-desde-una-batea>

El cultivo del mejillón. Lugar de publicación: Ramón Franco. Recuperado de: <http://www.ramonfranco.com/cultivo-mejillon/>

Méndez, M. (2018) La producción de mejillón se dispara y alcanza su tercera mejor marca en lo que va de siglo. Lugar de publicación: Faro de Vigo. Recuperado de: <https://www.farodevigo.es/portada-arousa/2018/04/14/produccion-mejillon-dispara-alcanza-tercera/1872570.html>

Méndez, M. (2019) La producción de mejillón vuelve a marcar registros espectaculares en Galicia. Lugar de publicación: Faro de Vigo. <https://www.farodevigo.es/portada-arousa/2019/04/30/produccion-mejillon-vuelve-marcar-registros/2096714.html>

Turismo mariñeiro. Lugar de publicación: Turismo de Galicia. Recuperado de: https://www.turismo.gal/que-facer/turismo-marineiro?langId=es_ES

Outras ligazóns empregadas:

Centro de descargas. Centro Nacional de información Geográfica. Ortofotos e imágenes de Satélite. <http://centrodedescargas.cnig.es/CentroDescargas/catalogo.do?Serie=PNOAH#>

Comparador de ortofotos PNOA. Instituto Geográfico Nacional. Centor Nacional de Información Geográfica. https://www.ign.es/web/comparador_pnoa/index.html

P.X.O.M. da Pobra do Caramiñal. Catálogo de edificacións e bens a protexer. Recuperado de: <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/inventario.php>

Catastro virtual. Recuperado de: <http://www.sedecatastro.gob.es/>